

O FÍO DE ARIADNA

Boletín da biblioteca do IES Marco do Camballón nº 1 xaneiro 08



Ola a todos e todas e feliz aninovo!
Certo que non sairemos na tele nin nos xornais por ser o primeiro bebé que naceu en Galiza neste 2008, mais velaquí que tamén nós estamos de parto con este boletín acabado de saír da casca.

De parto, si. E logo, sorpréndese alguén por isto?

Seica non dixemos aínda que A BIBLIOTECA É UN ORGANISMO VIVO?

Pois vaia se o é! Canta xente hai aí, nos andeis, que agarda para falar contigo e contarche milleiros de vellas e novas historias!

E agárdate porque ti –lector, lectora– es o verdadeiro corazón da biblioteca, o ar que abre as fiestras e esperta as voces que dormen en cada páxina. Achégate a elas sen medo, porque OS LIBROS ESTÁN PARA O TEU USO e teñen moitas ganas de conversa. Veña, colle o fío e intérrnate na biblioteca.

Contidos

O labirinto dos andeis

*

O noso libro preferido

*

Recensións:

Made in Galiza

O neno do pixama a raías

Tales of Mystery and Imagination

El curioso incidente de un perro a medianoche

*

Entroido: E ti quen es?

*

Visitantes:

Mario Pereira

*

Fai un verso de amor

*

Club de lectura



AH, SI... ARIADNA E O SEU FÍO

Hai pouco as compañeiras e compañeiros de 4º B contáronnos no taboleiro a antiquísima historia

do Labirinto, ese lugar cheo de reviravoltas onde a xente se facía vella sen dar atopado a saída.

Pois mira, aínda que non teña o Minotauro de inquilino, unha biblioteca é tamén coma un labirinto. Pareceche esaxerado? Pensa naquilo que dicía Jorge Luis Borges, que o mellor sitio para ocultar unha folla é un bosque, e verás que, no caso dun libro, nada máis axeitado ca unha biblioteca.

Pero aí está o truco: nós temos o fío.

Se queres atopar un libro o primeiro que hai que que o escribiu e o título da desas dúas cousas doado encontralo como xogar). Ben, iso témolo.



entre milleiros deles, que é saber? O nome da persoa obra, ou polo menos unha (doutra maneira, é tan acertar a lotaría sen E agora, onde está?

O noso fío de Ariadna chámase Signatura, un código que che di cal é o recuncho exacto que corresponde a cada volume no, finito pero grande, labirinto dos estantes... E grazas a el podes atopar a folla no bosque, que se non...

(Se queres saber máis, podes entrar na sección "Abre os ollos" da páxina web do Instituto)



**As nosas felicitacións
para Carolina Pinilla
de 1º B de BACH**

**que no primeiro trimestre do curso 2007-
2008 destacou como a máis asidua lectora da
nosa biblioteca.
Parabéns, Carolina!**



O 24 DE OUTUBRO CELEBROUSE O DÍA DAS BIBLIOTECAS

e con ese motivo diriximos a todos aqueles que quixeran participar a seguinte pregunta: Cal é o teu libro preferido?



Obtivemos 162 respostas.

Delas, 3 foron consideradas nulas
por razóns técnicas,

108 corresponderon ao alumnado,

13 ao profesorado

e houbo 38 votantes

que preferiron o anonimato.

Dos datos totais despréndese que a obra máis
popular no instituto por aquelas datas era *Memorias*
dun neno labrego de Xosé Neira Vilas, que obtivo 8
votos, seguida de *Harry Potter e o cáliz de fogo* de J. K.

Rowling con 5 mencións.

En canto aos autores e autoras máis citados, o primeiro posto foi compartido
pola multiventas internacional J. K. Rowling e o vilalbés A. Fernández Paz, con
11 papeletas cada un.



Curiosidades

- ✓ Aínda que rematou a guerra fría e hai case 20 anos que caeu o muro de Berlín, os vellos Marx e Engels obtiveron un voto para o seu *Manifesto Comunista*.
- ✓ Maior foi o éxito de Paco Rañal que conseguiu tres votos como autor dun libro que escribiu ... Paul Hewitt!



Séchu Sende, *Made in Galiza*, Galaxia, 2007

No seu novo libro, Séchu Sende fálanos, mediante un conxunto de relatos curtos, do estado actual no que se atopa a nosa lingua, esa compañeira coa que el estableceu unha profunda relación dende a súa adolescencia. Valéndose da metáfora, recorrendo a unha prosa cargada de elementos poéticos e dende unha perspectiva chea de humor e ironía, o autor de *Made in Galiza* fainos reflexionar, ao longo destas páxi-

nas, sobre o uso e desuso que sofre a lingua galega.

Cofecerás a xente que merca, vende e mesmo rouba palabras; a xente que, tendo medo ou vergoña, agóchase coas súas; saberás doutros que andan a buscalas; e terás noticia da azarosa vida que chegan a sufrir algunhas destas obreiras que forxan a nosa lingua.

Rubén Noguero



John Boyne, *O neno do pixama a raías*, Factoría K, 2007

Esta novela narra a historia dun neno de nove anos, Bruno, que vive nunha vella mansión de Berlín. O seu pai é trasladado por motivos de traballo e a familia instálase ao lado dun campo rodeado por unha cerca. Ao rapaz non lle gusta o lugar porque non hai nada que facer. A pesar de que o seu pai contrata un profesor particular, Bruno segue descontento.

Unha tarde, mirando pola fiestra da súa habitación, descobre que a panorámica que ve agora é moi distinta da que vía en Berlín: hai un alto aramado onde non medra a herba e, máis ao lonxe, xunto a unhas cabanas, camiñan dun lado para outro homes e nenos con pixamas a raías. No seu afán explorador, un bo día, Bruno decide dar un paseo ao longo do aramado e así comezará a súa aventura.


María Barcala

Edgar Allan Poe, *Tales of mystery and imagination*, Oxford University Press, 2004

Os libros de literatura en lingua inglesa en versión adaptada son unha boa maneira de aprender o idioma anglosaxón ao tempo que se goza dunha lectura amena e entretida.

Eu propóñoche *Tales of mystery and imagination* formado por cinco dos máis importantes relatos do


escritor norteamericano Edgar Allan Poe ("The Fall of the House of Usher", "The Black Cat", "The Masque of the Red Death", "William Wilson" e "The Tell-Tale Heart"). Dende a perspectiva dos propios protagonistas, coñecerás a estreita liña que separa a cordura da loucura, mergullándote nun mundo de terror e escuridade. A adaptación é de Margaret Naudi.




Soraya Villar Pardo

Mark Haddon, *El curioso incidente de un perro a medianoche*, Salamandra, 2004

A comunicación cos outros é un proceso fundamental para o desenvolvemento do individuo, incluso na era da información. Agora ben, Christopher padece o síndrome de Asperger, un trastorno relacionado co autismo, e a súa capacidade para relacionarse cos demais é diferente á habitual: para el ver pasar cinco coches vermellos significa *un día súper bo*, catro coches vermellos *un día bo* e tres coches vermellos *bastante bo*; pero catro coches amarelos seguidos significan *un día negro*. Christopher tampouco é capaz de entender a mentira. Por iso, cando atopa morto o can da súa veciña, decide investigar ata dar co asasino. Vaia sorpresa vai levar cando remate a súa complexa investigación! Por que o autor de feitos como este resulta ser sempre quen menos se espera?



Araceli Costoya



Si, xa está aquí o Entroido 2008!
E antes de que poñas a máscara témosche un
personaxe literario esperando que o
desenmascares.

Na semana do luns 28 de xaneiro ao venres 1
de febreiro atoparás cada día, nun lugar ben
visible (na entrada do instituto), unha dobre
pista que che axudará a desentrañar o
misterio.

Está atento/a, porque quen primeiro
o descubra será... exactamente iso, quen primeiro o descubra.



Para principios do terceiro trimestre esperamos a visita do escritor
de Lalín Mario Pereira.



Para ir facendo boca podes entrar na sección “escribese para ler e por iso
hai que o ver” do Departamento de Lingua Galega na páxina web do
instituto, e tamén, claro está, coller os seus libros na Biblioteca.





Amor Love Amour Liebe Ἔρως Amor Love Любовь Liefde Kärlek Amor

Oh, si, o amor e os namorados teñen a súa festa o 14 de febreiro, quen o ignora?

Pero o amor é moito máis vello ca o señor Valentín. De feito, pódese dar por seguro que é máis vello ca a

mesma historia, pois cando se inventou a escrita (que xa é vella abondo) había un bo anaco que as persoas se namoraban, que os corazóns se aceleraban ante a vista do ser amado e que cada ovella buscaba a súa parella. Mais coa escrita xurdiu unha posibilidade nova: a de escribir poemas de amor. E vaia se tivo éxito! Milleiros de anos hai que a xente escribe poemas de amor e non para. Natural, porque como dixo un poeta persa:

*Se ti non amas, como podes apreciar
a cegadora luz do sol e a suave claridade da lúa?*

Fai tamén ti un verso de amor

(ou dous, ou tres, ou cantos queiras)

Deposita o(s) teu(s) poema(s) na urna de San Valentín que atoparás na biblioteca ata o mércores 13 de febreiro.

Os mellores
publicaranse no
próximo boletín.



En febreiro comeza a súa andadura o



CLUB DE LECTURA CAMBALEÓN

unha forma de compartir a aventura de ler - porque catro ollos ven máis ca dous e vinte, para que che vou contar!

Abre os ollos para ler, a mente para entender,
afina a lingua para debater, aguza o oído para escoitar e
... felices lecturas!



Este ano a oferta vai dirixida ao alumnado de 3º e 4º de ESO, pero se todo vai ben, no futuro farase extensiva a outros cursos.